



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Descrición Decreto: RECTIFICACIÓN DECRETO N°756/2024 DE DATA 24/10/2024 LISTA DEFINITIVA FUNCIONARIO/A INTERINO/A TECNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. COMPOSICIÓN TRIBUNAL E DATA DA PROBA TIPO TEST. (EXPTE. TEDEC: 2024/E001/000004)

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

ANTECEDENTES:

Visto expite Tedec: 2024/E001/000004 da BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA

Visto o decreto 756/2024 da lista lista definitiva de aspirantes admitidos/as de funcionario/a interino/a de técnico/a de normalización lingüística.

Advertido erro no devandito decreto no seu punto terceiro, onde se di que se procederá a valoración de méritos, debe dicir que se procederá a realización da proba tipo test.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21.1. h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Rectificar o decreto 756/2024 de 24/10/2024 de aprobación de lista definitiva de aspirantes admitidos/as de funcionario/a interino/a de técnico/a de normalización lingüística no seu punto **TERCEIRO. Onde di:** “Convocar os membros do Tribunal avaliador , para que asista á Casa do Concello o xoves **día 30 de outubro de 2024 , ás 11:00 h**, co obxecto de proceder a súa constitución , e **ás 11: 30 h** procederase a valoración de méritos na Aula Cemit (a carón do xulgado). “ debe dicir:**TERCEIRO:** Convocar os membros do Tribunal avaliador , para que asista á Casa do Concello o xoves **día 30 de outubro de 2024 , ás 11:00 h**, co obxecto de proceder a súa constitución , e **ás 11: 30 h** procederase a realización da proba tipo test na Aula Cemit (a carón do xulgado).

SEGUNDO.- Manter a validez e eficacia do decreto 756/2024 de 24/10/2024 de aprobación de lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección de formación de



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

bolsa de funcionarios interinos de técnico/a de normalización lingüística que non son rectificadas no presente decreto.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde-Presidente

O Secretario

Asdo: Xoán Xesús Carril Ramos

Asdo: Alfonso Manuel Alcalá Pérez